



SACRA
EXPANDIDO

COMUNIDADE
MUSEO
2026

XORNADAS DE PENSAMIENTO E ACTUACIÓNS
NO PAZO DE TOR

Antes de desaparecer
Danza contemporánea

SACRA EXPANDIDO

con la colaboración de:



presentan:

COMUNIDADE
MUSEO
2026

PAZO DE TOR

MONFORTE DE LEMOS

SÁBADO 30 DE MAIO 2026

11:00 A 14:00 HORAS

XORNADAS DE PENSAMENTO.

Espazos de creación na contorna rural

Neste encontro queremos xuntar a diferentes espazos de creación de España que habitan a contorna rural, compartir experiencias, falar sobre as fragilidades, e crear redes que nos den lugar a poder visibilizarnos xuntas neste espazo para reflexionar. Participan A Casa Vella, SacraExperience, Asociación de coliving Fixar, proxecto Rureality. La Animal a la Esquina, Asociación Ser, Polos de emprendemento da Fundación Ronsell, Fundación Uxio Novoneyra, Espazo Azala, Campo Adentro. Proxecto Abadía O Pelouro e propostas de xente nova que teña un proxecto en xerne na contorna e se seleccionarán dous proxectos.

Modera e media o Encontro, Natalia Balseiro. Repensar a maneira de facer un cambio real, regular e profundo onde a cultura e os procesos creativos favorecen un progreso dentro dos territorios e conectan as áreas rurais con núcleos urbáns e proxectos internacionais, para así poder aprendernos xuntas e poder recoller as testemuñas destes lugares tan disgregados. Coas sabidurías que pertencen a esas persoas maiores, as cales deixannos un legado auténtico que non debería quedar no olvido e a sinerxia entre a creación máis tradicional e cultura contemporánea, xunto a comunidade tan minoritaria que convive nestes entornos alonxados da vida das urbes pode facer recuperar una nova vida aos novos habitantes e novas comunidades nestes lugares.

- Poñentes:

Natalia Balseiro

Fran Quiroga

A Casa Vella

Asociación Ser

Azala

La Animal a la Esquina

Colectivo RPM

SacraExperience

Abadía O Pelouro

Matías Feijoo (A Casa do Pozo)

PAZO DE TOR
MONFORTE DE LEMOS
SÁBADO 30 DE MAIO 2026
De 14:00 a 16:00.

XANTAR INTERCULTURAL

Conclusións e debate final do Encontro.

PAZO DE TOR
MONFORTE DE LEMOS
SÁBADO 23 DE MAIO 2026
DE 18:00 A 20:00 HORAS

REINVENTAR A PAISAXE.

MOSTRA DO ENCONTRO DE NOVOS CREADORES.

Dende o mes de abril do ano 2026, convocarase este programa de co-living de creadores que pensan a paisaxe xuntas, para elo seleccionaranse seis artistas de deseño gráfico, danza contemporánea, fotografía e vídeo instalacións, artes plásticas, e deseño de moda que convivirán durante 15 días previos á mostra en SacraExperience e baixo a inspiración na aldea de Pincelo, o Pobo de Belesar e coa colaboración de " Mais que Románico" para as visitas previas as Igrexas románicas de Pesqueiras, Santo Estebo de Riba de Sil e San Xoan da Coba. Esta exploración creativa dará lugar a unha exposición no espazo de traballo, na aula multidisciplinar de SacraExperience e tamén a unha reportaxe de seguimento que se proxectará no Pazo de Tor onde os creadores expondrán con comunicacións abertas ao público ,o que foron as súas experiencias no Territorio e no seu patrimonio e vídeos e fotografías do traballo realizado durante esta inmersión creativa.



SACRA EXPERIENCE



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO